

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL SELECCIONADOR
DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN EN INTERINIDADE
DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A**

En San Sadurniño, a vinteún de setembro de dous mil dezasete, sendo as nove horas e dez minutos, reúnense na Casa do Concello de San Sadurniño, baixo a presidencia da funcionaria da Deputación Provincial María de la Fé López Romero, designada pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarios de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a provisión en interinidade dunha praza de administrativo/a, segundo as Bases oportunamente aprobadas:

Presidenta: María de la Fé López Romero.

Vogais: Luis Díaz Villarino, do Concello de Santiago; Julia Ledo Rivera, do Concello de Ferrol e Mónica Cebreiro Caneiro, do Concello de San Sadurniño.

Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno, do Concello de San Sadurniño.

A Presidenta declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, acórdase resolver a única alegación presentada en relación coa asignación de puntuacións correspondentes á fase de concurso, presentada por María Magdalena Ramos Siaba, e motivada nunha discrepancia na valoración de dúas titulacións aportadas, en aplicación do establecido nas Bases da convocatoria. O Tribunal acorda de maneira unánime que non procede admitir a reclamación de que se trata, polo que se ratifica o cadro de puntuacións aprobado na anterior sesión.

En cumprimento do establecido na Base 11.1.1 da convocatoria, o Tribunal acorda que o primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o próximo martes, 26 de setembro, ás 11,00 horas, na Casa da Cultura de San Sadurniño.

O Tribunal dispón a publicación dunha copia da presente acta no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, en aplicación do establecido nas bases da convocatoria, con data de hoxe.

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, dase por rematado o acto sendo as nove horas e trinta minutos, dispoñendo a Sra. Presidenta que se redacte a presente acta, que asinan os membros do Tribunal, do que como Secretario certifico.

A PRESIDENTA,



OS VOCAIS,



O SECRETARIO,

